

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Deportes con data 08/02/2023 e que literalmente di:

“INFORME PROPOSTA

O Concello de Ferrol dende a súa Concellería de Deportes e de Protocolo organiza anualmente a Gala do Deporte Ferrolán, do que esta será a súa XXVIII edición, e que se traduce nun acto público no que se entregan as distincións aos/as mellores deportistas ferroláns da tempada. A dita Gala se realizará o vindeiro día 28 de marzo no Auditorio de Ferrol.

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou con data do 27/01/2023 a realización desta gala xunto cos seus gastos correspondentes. Asímesmo aprobou nesa mesma data as bases que rexerán o evento.

O punto IV das ditas bases establece:

(...)”O xurado estará composto:

- *Presidente/a: Concelleiro delegado de Deportes. Ostenta o voto de calidade.*
- *Secretario/a: un funcionario/a do negociado de Deportes designado/a polo presidente do xurado. As súas funcións serán as de recibir, clasificar e ordenar a documentación que deba someterse a consideración do xurado. Actuará con voz e sen voto.*
- *Vogais: Ata un total de seis. (6)*

3.1.- Representantes das seccións de deportes de medios de comunicación tanto escritos, radiofónicos ou dixitais, designados/as pola presidencia do xurado.

3.2.- Técnicos/as de deporte de outras administracións ou persoas de especial relevancia e recoñecido prestixio no ámbito da actividade física e deportiva ferrolán designados/as pola Presidencia. (...)

De acordo co anterior solicitouse aos medios de comunicación (Diario de Ferrol, La voz de Galicia, Cadena Cope, Ferrol 360 e Galicia Ártabra dixital) e á UDC (director de Deportes) a designación de representantes para formar parte do xurado da Gala.

A Cadena COPE comunicou que este ano non ían nomear membro do xurado polo que se solicitou a colaboración da Deputación Provincial para que designara unha persoa como membro do xurado.

Unha vez recibidas as propostas das diferentes entidades cómpre o nomeamento dos/as membros do xurado polo que se propón o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a composición do xurado, segundo o establecido no punto IV das bases que rexen este evento que quedará como segue:

Presidente: Don Antonio Golpe Díaz, Concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas.

Secretaria: Dona Cristina Muñiz Lamadrid, Coordinadora de Actividades Deportivas do Concello de Ferrol.

Vogais:

- Representante do Diario de Ferrol D. Juan Francisco Quijano Yáñez.
- Representante da Voz de Galicia Dna. Elba de la Barrera Agulló.
- Representante de Ferrol 360 D. Raúl Salgado Rodríguez.

Representante de Galicia Ártabra Dixital D. Adán Puentes Branco
Representante da UDC D. Jorge Rivas García.
Representante da Deputación Provincial da Coruña Dna. Cristina Capelán Cancela.

SEGUNDO.- Publicar a composición do xurado na páxina web municipal.

Non obstante o concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas resolverá.”

DECRETO.- Logo de ver a proposta que antecede, apróboa nos seus propios termos.

Na Casa do Concello de Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

O Concelleiro delegado da Área de Cultura,
Educación, Universidade, Deportes e Festas
Antonio Golpe Díaz

Ante min
O secretario xeral